

## TIPOS DE TEXTOS

TEXTO	INTENCIÓN COMUNICATIVA
Narrativo	Contar, narrar.
Descritivo	Describir seres, obxectos, lugares, etc.
Preditivo	Adiantar previsións do que vai pasar.
Explicativo/Expositivo	Explicar ou expoñer algo.
Instrutivo	Dar instrucións e consellos.
Argumentativo	Argumentar a favor ou en contra de algo.

### TEXTO NARRATIVO

Conta feitos reais ou imaxinarios. Novela, conto, biografía... Debemos diferenciar :  
Historia → Discurso / Narrador<sup>1</sup> / Espazo / Tempo (Ritmo-Orde).

### TEXTO DESCRIPTIVO → O RETRATO.

O retrato.- Para describir unha persoa hai que sinalar os seus trazos característicos (físicos, psicolóxicos, morais...).

### TEXTO DESCRIPTIVO → DESCRICIÓN DE ESPAZOS.

Descrición de espazos.- Para describir espazos é importante:  
1º.- Observar.  
2º.- Escribir respectando unha orde.

### TEXTO PREDITIVO

Textos predictivos.- Expresan previsións sobre acontecementos futuros.

### TEXTO EXPLICATIVO.

En xeral, en cada parágrafo do texto explicativo aparecen:  
1º.- Idea principal.  
2º.- Ideas secundarias que a complementan.  
Son frecuentes explicacións sobre causas/consecuencias da cuestión que se trata.

### TEXTO INSTRUTIVO.

Os textos instrutivos dan indicacións acerca dun proceso, é dicir, de como e cando facer determinadas operacións.  
Son frecuentes as construcións de obrigatoriedade.  
Deben ser claros e seguir unha orde (se non, non se entenderían as instrucións).

### TEXTO ARGUMENTATIVO.

Os textos argumentativos teñen como fin convencer. Neles hai dous elementos:  
1º.- Idea principal.  
2º.- Os argumentos que a xustifican e a defenden ou a xustifican.

1

O NARRADOR: TIPOS		
1ª persoa (P1)	EU TESTEMUÑA	Narra en P1 a historia na que intervéñen como espectador.
	EU PROTAGONISTA	Narra en P1 a historia na que ademais é protagonista.
3ª persoa (P3)	OMNISCIENTE AUTORIAL	Narrador "todopoderoso" + autor implícito.
	OMNISCIENTE NEUTRAL	Narrador "todopoderoso".
	OMNISCIENTE SELECTIVO / MULTISELECTIVO	O narrador circunscríbese á óptica de un personaxe (OS) / de varios (OM).

